



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2017/18 |
| Asignatura (*) | Estadías Clínicas III | Código | 750G01027 | |
| Titulación | Grao en Enfermaría | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | Anual | Terceiro | Obrigatoria | 18 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da Saúde | | | |
| Coordinación | Varela Feal, Nuria Esther | Correo electrónico | nuria.varela.feal@udc.es | |
| Profesorado | Garcia Martinez, Carmen Maria Pesado Cartelle, Jose Angel Varela Feal, Nuria Esther | Correo electrónico | maria.garciam@udc.es j.pesado@udc.es nuria.varela.feal@udc.es | |
| Web | moodle.udc.es | | | |
| Descrición xeral | Son estancias clínicas, correspondentes ao nivel intermedio da aprendizaxe práctica, nas que se lle esixe ao estudante un maior grao de profundización e integración dos coñecementos adquiridos, dirixidas á incorporación dos estudantes en institucións de ámbito hospitalario, de saúde mental e sociosanitarios. Pretende a integración de coñecementos teóricos, habilidades e actitudes nunha situación real. | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|---|
| Código | Competencias do título |
| A62 | Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B5 | Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar. |
| B6 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |
| B7 | Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo. |
| B8 | Capacidade de análise e sínteses. |
| B9 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica. |
| B10 | Capacidade para adaptarse ás situacións novas. |
| B11 | Capacidade e habilidade de xestión da información. |
| B12 | Capacidade para organizar e planificar. |
| B13 | Toma de decisións. |
| B14 | Habilidades interpersonais. |
| B15 | Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia. |
| B16 | Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade. |
| B19 | Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio. |
| B20 | Sensibilidade cara a temas medioambientais. |
| B22 | Capacidade para motivarse e motivar a outros. |
| B24 | Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |



| | |
|-----|--|
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C10 | CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| C11 | CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| C12 | CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|------------------------|---|------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
| Cooperar co equipo asistencial sanitario e/ou socio-sanitario | A62 | B1 B3 B5 B7 B10 B11 B12 B13 B14 B22 B24 | C1 C3 |
| Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas persoas atendidas, as suas familias e grupos | A62 | B1 B3 B6 B7 B9 B11 B12 B14 B15 B16 | C1 C7 C12 |
| Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos problemas de saúde das persoas nas diferentes etapas do ciclo vital. | A62 | B1 B3 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B19 | C3 C4 C10 C11 |



| | | | |
|---|-----|--|-----------|
| Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade. | A62 | B1 B3 B5 B9 B10 B12 B13 B20 | C7 |
| Actuar segundo os principios éticos e legais que guían a profesión. Cumplir as normas de funcionamento das institucións sanitarias. | A62 | B1 B3 B6 B13 B16 B24 | C4 C11 |

| Contidos | |
|---|----------|
| Temas | Subtemas |
| Prácticas clínicas tuteladas, realizadas en institucións de ámbito hospitalario, de saúde mental e sociosanitarios, que permiten aos estudantes a integración nas diferentes contornas clínicas, así como comprender e implementar as funcións das enfermeiras/vos, integrando e desenvolvendo os coñecementos teóricos, as actitudes e as habilidades. | |

| Planificación | | | | |
|------------------------|---|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Seminario | A62 B22 B19 B14 B13 B12 B11 B10 B8 B3 B1 C1 C7 C10 C11 | 2 | 12 | 14 |
| Solución de problemas | A62 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B5 B3 B1 C3 C4 C11 C12 | 0 | 15 | 15 |
| Portafolios do alumno | A62 B3 B8 B12 C1 C7 C11 C12 | 0 | 22 | 22 |
| Prácticas clínicas | A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C12 | 360 | 35 | 395 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
| | |



| | |
|-----------------------|---|
| Seminario | Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario. realizarase un seminario obrigatorio antes do inicio da rotación no ámbito sociosanitario |
| Solución de problemas | Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución. No ámbito sociosanitario os estudantes seleccionaran un residente con dependencia moderada para realizar unha planificación de coidados individualizada. Realizarase tutoría obrigatoria para realizar a avaliación da planificación de coidados realizada e facilitar a reflexión acerca do xuício clínico. |
| Portafolios do alumno | Para a valoración final de las prácticas es obligatorio la entrega de un portafolio (comentario reflexivo) (no cuantificable) sobre vuestras prácticas en las unidades de salud mental por las que rotáis. El máximo de extensión del comentario es de 350 palabras. El objetivo de un ensayo reflexivo no sólo es hablar de lo que aprendiste, sino que también es importante transmitir tus experiencias personales y las conclusiones resultantes. |
| Prácticas clínicas | O ensino clínico pode entenderse como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, no que os estudantes observan e participan en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da mesma |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Prácticas clínicas Seminario Solución de problemas Portafolios do alumno | A atención personalizada relacionada coas Prácticas Clínicas ten como finalidade atender as consultas dos estudantes relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, actitudes, valores e habilidades que o estudante debe alcanzar. Farase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico e/ou moodle. A atención personalizada relacionada coa solución de problemas ten como finalidade orientar aos estudantes na realización dos mesmos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico e/ou moodle. A atención personalizada será obrigatoria na presentación do caso clínico que se realizará no ámbito sociosanitario |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
|--------------------|---|---|---------------|
| Prácticas clínicas | A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C12 | A súa realización é obrigatoria en tempo, horario e centro establecido desde a escola. Como resultado do rotatorio práctico, xerarase un informe final, o cal será elaborado polo profesor que tutorice ao alumno no centro sanitario. Este informe será finalmente valorado polo profesor responsable da materia. Na elaboración do informe final teranse en consideración os coñecementos, as actitudes profesionais, as habilidades e destrezas técnicas e as aptitudes do alumno. | 60 |



| | | | |
|-----------------------|--|---|----|
| Solución de problemas | A62 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B5 B3 B1 C3 C4 C11 C12 | <p>Criterios de avaliación:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Asistencia obrigatoria (Seminario)2. Presentación e estrutura: ata 1 puntos.3. Claridade na redacción: ata 0,50 puntos.4. Capacidade de análise e síntese: ata 0,50 puntos5. Capacidade de crítica e achega persoal: ata 2 puntos. <p>Criterios de avaliación no ámbito sociosanitario:</p> <p>Según rúbrica de avaliación, entregada o primeiro día no seminario a todos os estudantes.</p> <p>Asistencia obrigatoria (Seminario)</p> <ol style="list-style-type: none">1. Valoración2. Diagnósticos de Enfermaría. NANDA3. Resultados.NOC4. Intervencións.NIC | 40 |
|-----------------------|--|---|----|

Observacións avaliación



PRÁCTICAS CLÍNICAS:

Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado oficialmente na materia Estancias Clínicas III e ter superadas as Estancias Clínicas I e II, tal e como consta na memoria do Título de Grao

Existe a obrigatoriedade de asistir ás prácticas clínicas e non existen faltas xustificadas, polo que as ausencias debidamente acreditadas deberán recuperarse, sempre que non excedan do 50% das planificadas. As non xustificadas poden supor, a criterio dos profesores responsables da materia, o suspenso da materia. A recuperación das prácticas realizarase no período establecido polo profesor, antes da data de peche de actas.

A aplicación da cualificación correspondente realizarase a condición de que o alumno teña as dúas probas (Prácticas Clínicas e Solución de Problemas) superadas de maneira independente, en cada un dos ámbitos da Estancia Clínica

Para aprobar a materia é necesario superar de maneira independente as dúas probas (Prácticas Clínica e Solución de problemas). A non superación dunha das partes suporá a cualificación de SUSPENSO en acta. A cualificación numérica obterase establecendo un mínimo (Prácticas Clínicas 60% e solución de problemas 40%) en cada unha das partes.

A cualificación final da materia será a media ponderada das Estancias Clínicas realizadas no ámbito hospitalario, sociosanitario e saúde mental.

O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Sistema de cualificacións:

0-4.9=Suspenso

5-6.9=Aprobado

7-8.9=Notable

9-10=Sobresaliente

9-10 Matrícula de Honra (Graciable)

O feito de presentarse/realizar as prácticas clínicas e ser avaliado en calquera das probas implica figurar en acta como presentado coa cualificación correspondente.

Os aspectos e criterios xerais que se terán en consideración ao avaliar as actividades que se farán contorna á devandita metodoloxía (Prácticas Clínicas e Solución de problemas) son a asistencia, participación e compromiso individual e grupal, coherencia dos contidos abordados, coñecementos demostrados na actividade práctico-clínica e na solución de problemas, e as competencias adquiridas para esta materia.

As probas superadas na convocatoria de maio-xuño conservaranse para a convocatoria de xullo, coa cualificación obtida.

Convocatoria de segunda oportunidade: En caso de non superación da materia (práctica clínica/solución de problemas), deberá recuperar toda a materia no caso de non superar ambas metodoloxías ou a parte non superada. A presentación de un novo traballo de solución de problemas, se he a parte non superada, e no caso das prácticas clínicas a recuperación será na unidade que se lle asigne, durante o mes de xullo e antes do peche de actas.

As condicións para a obtención dunha matrícula de honra son que o alumno obteña máis dun 90% da cualificación da materia, sexa a mellor cualificación da clase na oportunidade avaliada e a súa achega na solución de problemas e nas prácticas fose significativa.

A vixencia do aprobado das Estancias Clínicas manterase por un período de dous cursos lectivos consecutivos á realización das estancias aprobadas.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | A bibliografía básica para esta materia está relacionada coas materias que se recomentan ter cursadas e as que se debe cursar simultaneamente (ver apartado 9: recomendacións). |
| Bibliografía complementaria | Bibliografía que os docentes recomenden ou indiquen a través do moodle |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



| |
|---|
| Enfermaría Clínica (I y II)/750G01012 Enfermaría da Saúde Mental/750G01015 Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016 Estancias Clínicas I/750G01025 Estancias Clínicas II/750G01026 |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| Enfermaría clínica III/750G01017 Enfermaría Xerontolóxica/750G01020 |
| Materias que continúan o temario |
| Estancias Clínicas IV/750G01028 Estancias Clínicas V/750G01029 Estancias Clínicas VI/750G01030 Estancias Clínicas VII/750G01031 Practicum/750G01032 |
| Observacións |
| |

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías